

RESOLUCIÓN REITORAL DE 30 DE XULLO DE 2020 POLA QUE SE PUBLICAN AS BASES DAS AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN FORMACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO, 2020.

Os recursos humanos de investigación son o pilar fundamental da actividade investigadora necesaria para a xeración e transmisión de coñecemento de calidade e para impulsar o desenvolvemento ambiental, social, económico e cultural de Galicia. A Universidade de Vigo ten entre os seus obxectivos estratéxicos promover a calidade e a excelencia tanto da súa produción científica como dos seus grupos de investigación.

A presente resolución ten como obxectivo promover a formación e especialización das persoas tituladas que estean matriculadas nun dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo e pertencen a un dos seus grupos de investigación, para facilitar a adquisición de habilidades e competencias que permitan o acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

Unha vez vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento e en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades e o artigo 81 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a convocatoria para a contratación de persoal investigador en formación, axudas predoutorais da Universidade de Vigo para o ano 2020 conforme ás bases reguladoras sinaladas nos anexos desta convocatoria, unha vez elaboradas pola Comisión de Investigación realizada o 23 de xullo de 2020.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 de a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O REITOR

P.D. R.R. 26/05/2020 (DOG de 4 de xuño)

A vicerreitora de Investigación



ANEXO I- BASES REGULADORAS

1. *Obxecto da convocatoria.*

A convocatoria de axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo, ten por obxecto financiar a formación de persoas tituladas integradas en grupos de investigación que estean a realizar a tese de doutoramento na Universidade de Vigo e que, en función da súa capacitación e formación, poidan converterse en novo persoal investigador en formación mediante a formalización dun contrato predoutoral en calquera área de coñecemento científico conforme ao artigo 21 da Lei 14/2011, de 1 de xuño da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

2. *Características dos contratos.*

Convócanse 10 contratos predoutorais de nova adxudicación dunha duración de 3 anos sen posibilidade de prórroga.

O período de disfrute de cada contrato comezará a contar dende a data de inicio do contrato, considerándose causa legal e suficiente para a rescisión del non superar o informe-avaliación ao que necesariamente se someterá a persoa beneficiaria da axuda ao remate tanto do primeiro coma do segundo ano de contrato.

Estas axudas establecen relación contractual temporal e non supoñen ningún compromiso posterior de incorporación á Universidade de Vigo.

Resérvase 1 contrato para solicitantes que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33% sempre que se acredite a compatibilidade co traballo a desenvolver conforme ao obxecto desta convocatoria. De non ser finalmente concedido, acumularase aos contratos da quenda xeral.

A dotación total para cada contrato é de 63.180,00€ co seguinte reparto por anualidades:

Primeiro ano de contrato: 20.580,00 €

Segundo ano de contrato: 20.580,00 €

Terceiro ano de contrato: 22.020,00 €

Nos correspondentes contratos identificarase un proxecto ou liña de investigación específica novidosa que corresponderá coa súa tese de doutoramento.



3. *Financiamento das axudas.*

Os fondos destinados a esta acción irán con cargo á aplicación orzamentaria «00VI 131H 641.02: Axudas propias á investigación e á transferencia» e co importe máximo do crédito orzamentario retido de 631.800,00 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

A consignación orzamentaria para cada exercicio económico será a seguinte:

Anualidade 2021: 205.800,00 €

Anualidade 2022: 205.800,00 €

Anualidade 2023: 220.200,00 €

4. *Normativa aplicable.*

O procedemento de concesión das axudas convocadas será o de concorrencia competitiva nos termos previstos no artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas en quen conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

5. *Requisitos para a presentación de solicitudes.*

As persoas solicitantes das axudas previstas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Non gozar nin ter gozado destas axudas ou doutras homólogas a estas en anteriores convocatorias ou dunha axuda á etapa predoutoral de calquera modalidade (Formación de Profesorado Universitario (FPU), Formación de doutoras e doutores (FPI), Xunta de Galicia ou equivalentes.
- b) Estar matriculadas nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo a tempo completo no momento en que finaliza o prazo de presentación de solicitudes, requisito que será comprobado de oficio pola unidade tramitadora das axudas.
- c) Ter completados 300 ECTS, dos cales alomenos 60 deben ser de formación de estudos oficiais de posgrao e consonte a normativa de matrícula da Universidade de Vigo para o curso 2020-2021.

A data de finalización dos estudos conducentes ao título universitario de licenciatura, enxeñaría, arquitectura grao ou equivalente ou a data de superación dos 60 ECTS dos estudos oficiais de posgrao debe ser posterior a 1 de xaneiro de 2018 agás nos seguintes casos excepcionais que deberá ser posterior a 1 de xaneiro de 2015:

- Quen acredite fidedignamente que se dedicaron á atención e coidado de menores de 3 anos entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2015.
- Quen acredite fidedignamente que interromperon os seus estudos por causa dunha enfermidade grave ou que se dedicaron ao coidado de persoas maiores da familia en primeiro grao de parentesco.



- Quen posúa unha discapacidade igual ou superior ao 33% debidamente acreditada mediante certificado expedido por autoridade competente.

No caso de que unha persoa posúa máis dun título, para os efectos das datas, considerarase a primeira titulación obtida que dea acceso ao doutoramento.

d) Estar adscritas ou comprometer a súa adscrición a un grupo de investigación da Universidade de Vigo formalmente rexistrado na Universidade de Vigo (SUXI). No caso de concesión da axuda, pedirase a acreditación da alta efectiva no grupo, con anterioridade á sinatura do contrato.

e) Non posuír un título de doutora ou doutor.

f) Ter unha nota media do expediente da titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura ou mestra/e ponderada pola nota media da titulación igual ou superior a 1. Para a ponderación, no caso de estudos realizados en universidades españolas, terase en conta a nota media que, de acordo cos datos da Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED), corresponda á súa titulación na universidade na que a cursou. Para os estudos realizados no estranxeiro, a ponderación realizarase tendo en conta as notas medias ISCED para estudos estranxeiros. Os datos de notas medias ISCED para estudos realizados en España e no estranxeiro, respectivamente, poden encontrarse nos seguintes enlaces:

[Información sobre notas medias ISCED general y notas medias ISCED universidad](#)

[Información sobre notas medias ISCED estudios extranjeros](#)

6. Órgano instructor.

As actividades de ordenación e instrución do procedemento de concesión corresponden á Vicerreitoría de Investigación que estará asistida pola Sección de Recursos Humanos do Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento como unidade de xestión e pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno no correspondente á fase de concreción da adxudicación e proposta de resolución provisional.

7. Formalización das solicitudes e prazo de presentación.

O prazo de presentación das solicitudes comezará o **1 de setembro e permanecerá aberto ata o 9 de outubro de 2020**.

As solicitudes das persoas interesadas, acompañadas pola documentación prevista para cada modalidade de axuda, deberán tramitarse a través do módulo de convocatorias do Sistema Unificado de Xestión de Investigación (SUXI) no que se debe estar rexistrada. O acceso ao SUXI realízase a través da secretaría virtual da Universidade de Vigo no seguinte enderezo: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/>

Unha vez rematado o procedemento, o formulario de solicitude resultante, única e exclusivamente, debe ser presentado a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER, sen prexuízo de que tamén poida presentarse nos lugares indicados



no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. Contido das solicitudes para o alumnado de universidades españolas.

As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Se é o caso, copia simple da certificación académica oficial de máster, na que se indique o dato da titulación de acceso.
- b) Copia simple da certificación académica dos estudos que dean acceso ao programa de doutoramento na que figuren as cualificacións obtidas e as súas datas de obtención. Esta certificación académica debe conter a expresión da nota media do expediente calculada, sempre que sexa posible, de acordo co establecido no Real Decreto 1125/2003 e no protocolo de colaboración suscrito entre a consellería e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos, resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. De non reflectirse na certificación a devandita nota media, o alumnado deberá presentar xunto coa certificación académica, unha declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento en liña establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional no enderezo web:

[Equivalencia notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros](#)

- c) Se é o caso, documento acreditativo de que se atopa nalgunha das circunstancias excepcionais sinaladas no punto c) da base cuarta.
- d) Documentos acreditativos de 3 méritos obtidos no período 2017-2020 que sometan a avaliación presentados de acordo co Anexo II da convocatoria. De presentarse máis de 3 méritos, a solicitude sairá admitida con defectos e deberá especificar na fase de subsanación de solicitudes que méritos selecciona. De non realizar este trámite entenderase que non presenta méritos.

9. Contido das solicitudes para o alumnado procedente de universidades estranxeiras.

As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Certificación académica dos estudos universitarios cursados conducentes ao título presentado.
- b) Se é o caso, certificación académica oficial de Máster, na que se indique o dato da titulación de acceso.
- c) Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento en liña establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional no enderezo web:

[Equivalencia notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros](#)

- d) Se é o caso, documento acreditativo de que se atopa nalgunha das circunstancias excepcionais sinaladas no punto c) da base cuarta.



- e) Documentos acreditativos de 3 méritos obtidos no período 2017-2020 que sometan a avaliación presentados de acordo co Anexo II da convocatoria. De presentarse máis de 3 méritos, a solicitude sairá admitida con defectos e deberá especificar na fase de subsanación de solicitudes qué méritos selecciona. De non realizar este trámite entenderase que non presenta méritos.

As certificacións académicas emitidas por universidades estranxeiras deben estar compulsadas ou presentar os documentos orixinais nos rexistros da Universidade de Vigo que lle serán devoltos unha vez rexistrados. Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico.

10. Requisitos comúns de certificacións.

No caso de estudos validados, será requisito indispensable a presentación da copia simple da certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

Todas as persoas que acceden ao segundo ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomatura ou por ter realizado o primeiro ciclo dalgunha titulación que permita o acceso ao segundo ciclo, para efectos de determinar a media do expediente académico deberán achegar ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación e a do segundo ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de primeiro ciclo realizados.

11. Emenda de solicitudes.

Recibidas as solicitudes, e revisados os expedientes conforme ao establecido nas bases desta convocatoria, dítase resolución provisional de persoas admitidas e excluídas coa súa causa de exclusión se a documentación achegada fose incompleta ou contivese erros subsanables e as persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días hábiles para que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. De non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

As alegacións deberán presentarse a través do aplicativo SUXI presentando o resguardo xerado ao finalizar o trámite a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER, sen prexuízo de que tamén poida presentarse nos lugares indicados no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro.

Durante o período de emenda non se poderán reformular as solicitudes presentadas.

10. Avaliación e selección de solicitudes.

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas tomando como base os seguintes criterios:

- a) Nota media do expediente académico de cada solicitante ponderada pola nota media da titulación de grao, licenciatura, enxeñaría, arquitectura, etc. Para a ponderación, no caso de estudos realizados en universidades españolas, terase en conta a nota media que, de acordo cos datos da Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED), corresponda á súa titulación na universidade na que a



curso. Para os estudos realizados no estranxeiro, a ponderación realizarase tendo en conta as notas medias ISCED para estudos estranxeiros. Os datos de notas medias ISCED para estudos realizados en España e no estranxeiro, respectivamente, poden encontrarse nos mesmos enlaces aos que se refire a letra f) da base reguladora cinco.

No caso de titulacións de segundo ciclo, baremaranse os expedientes tomando a nota media ponderada para cada ciclo e calculando a media entre ámbalas dúas.

A nota media do expediente académico calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- No caso de ensinanzas conducentes á obtención do título universitario oficial español de licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou graduado/a nun grao de 300 créditos, valoraranse a totalidade dos créditos ou materias superadas.
- No caso de ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado/a de 240 créditos, diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a e mestre/a, a nota media realizarase tendo en conta estes estudos máis a totalidade dos créditos superados no máster ou equivalente, debendo ter completado polo menos 300 créditos no conxunto dos estudos universitarios de grao ou primeiro ciclo e de máster ou equivalente, de acordo coa seguinte fórmula:

$$(X * C1 + M * C2) / (C1 + C2)$$

Sendo:

X: Nota media obtida no grao ou no primeiro ciclo.

M: Nota media obtida no máster ou equivalente.

C1: Créditos superados no grao ou no primeiro ciclo.

C2: Créditos superados no máster ou equivalente.

b) Valoración dos 3 méritos obtidos no período 2017-2020 que sometan a avaliación presentados de acordo co Anexo II da convocatoria.

Só se terán en conta os méritos obtidos na data de finalización de presentación de solicitudes, non sendo posible a actualización posterior deles. Os méritos non acreditados adecuadamente poderán ser obxecto de emenda no período habilitado para isto na resolución de admisión provisional.

En cada un dos apartados, outorgarase un máximo de catro puntos á candidatura coa puntuación máis alta, e o resto das candidaturas obterán unha puntuación proporcional a esta. Logo, as puntuacións dos apartados a) e b) ponderaranse de maneira que o apartado a) supoña o 75% e o apartado b) o 25% da puntuación total.

A Comisión de Investigación agrupará as solicitudes por ámbitos de coñecemento, e seleccionará polo menos unha candidatura por ámbito, tentado equilibrar as distintas titulacións e os respectivos ámbitos de



coñecemento. A asignación a ámbitos de coñecemento realizarase tendo en conta o programa de doutoramento no que estean matriculadas as persoas solicitantes, segundo o indicado no Anexo III.

11. *Concesión das axudas.*

A vicerreitora de Investigación, á vista da proposta da Comisión de Investigación, ditará resolución provisional motivada de adxudicación e denegación das axudas. As persoas interesadas poderán formular alegacións contra esta resolución concedéndose para isto un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da proposta polos medios indicados na base doce.

Unha vez examinadas as alegacións presentadas, a vicerreitora de Investigación ditará a resolución definitiva de concesión, que expresará a relación de axudas concedidas, denegadas e, no seu caso, a listaxe de agarda.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

12. *Medios de publicidade.*

Todas as resolucións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación nos rexistros xeral e auxiliares e no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude sen que estas teñan a consideración de notificación.

13. *Cambios de centro e ausencias temporais.*

A persoa que resulte beneficiaria realizará o seu labor no centro de aplicación da axuda, sendo necesario para calquera cambio de centro solicitar autorización previa á Vicerreitoría de Investigación. Para isto, deberá remitirse cunha antelación mínima dun mes á data prevista para o cambio, ademais da solicitude, un informe favorable de quen dirixa a tese de doutoramento motivando a súa necesidade acompañado da aceptación do centro receptor asinada pola persoa responsable.

No caso de ausencias temporais xustificadas, deberá solicitarse autorización previa á Vicerreitoría de Investigación. Para isto, deberá remitirse cunha antelación mínima dun mes á data prevista para o comezo da ausencia temporal, ademais da solicitude, un informe favorable de quen dirixa a tese de doutoramento



motivando a necesidade da súa realización así como a autorización da Comisión Académica do Programa de Doutoramento.

Os períodos de ausencia temporal en ningún caso poderán superar os 6 meses ao longo dos tres anos de duración da axuda predoutoral nin poderán superpoñerse cos últimos seis meses de contrato.

14. *Interrupcións das axudas.*

As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, período de coidado de bebé lactante, maternidade, paternidade, adopción, garda con fines de adopción e permiso por xestación concedido pola Universidade de Vigo, suspenderá o cómputo da duración do contrato. Cando se produza a suspensión do contrato por algunha destas causas, as persoas interesadas poderán solicitar a interrupción e prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo de suspensión no prazo de 10 días hábiles dende que o motivo de suspensión se produza.

Así mesmo, tamén se suspenderá o cómputo da duración do contrato por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

15. *Extinción do contrato.*

A obtención do título de doutoramento extinguirá o contrato predoutoral, aínda que non se tivese agotado a duración máxima del. Para estes efectos, considerarase que se obtén o título de doutoramento na data do acto de defensa e aprobación da tese de doutoramento.

Así mesmo, o contrato predoutoral extinguirase pola chegada a término ou a previa denuncia de calquera das partes así como polas restantes causas previstas no artigo 49 texto refundido da Lei do estatuto dos(as) traballadores(as).

No caso de que se produza algunha renuncia ao contrato, debe comunicarse á Vicerreitoría de Investigación tan pronto como se produza a causa que a determine. Cando a persoa beneficiaria que viña gozando da axuda cese, e sempre que reste un período de disfrute igual ou superior a 24 meses, será substituída, durante o período restante da axuda e conforme á lista de agarda, pola suplente correspondente que figure matriculada no programa de doutoramento polo que presentou a súa solicitude.

16. *Dereitos e deberes.*

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida e a cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro xeral de subvencións que lles sexan de aplicación.

Quen obteña unha axuda poderá impartir 60 horas por curso académico con finalidades formativas, logo da conformidade de quen lle dirixa a tese de doutoramento e por proposta do departamento implicado, que o aprobará no seu POD. A docencia impartida limitarase a ensinanzas prácticas ou suplencias e en ningún caso poderán encargarse dunha materia ou disciplina completa.



Así mesmo, corresponderánlle os dereitos e deberes específicos contemplados nos artigos 12 e 13 do Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

17. Réxime de incompatibilidades.

O desfrute desta axuda é incompatible con calquera outra axuda de análoga natureza financiada con fondos públicos ou privados españois ou comunitarios así como con carácter xeral, coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial ou que supoña contraprestación dineraria.

Se se produce o caso, as persoas beneficiarias deberán comunicar á Vicerreitoría de Investigación a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos de natureza similar á concedida que lles cheguen tan pronto teñan coñecemento. Este feito poderá supoñer a minoración ou rescisión da actual axuda, segundo a consideración da Vicerreitoría de Investigación.

18. Avaliación e seguimento.

A persoa beneficiaria serán avaliadas na súa actividade do seguinte xeito:

Ao mes seguinte de finalizar o primeiro ano de contrato deberán enviar á Vicerreitoría de Investigación unha memoria de seguimento xunto co informe favorable da comisión académica do programa de doutoramento (CAPD). A mesma documentación deberá ser remitida ao mes seguinte de finalizar o segundo ano de contrato.

Durante o mes seguinte á finalización da duración da axuda ou de producirse a renuncia ou cesamento por calquera causa, deberá remitirse á Vicerreitoría de Investigación unha memoria final que reflecta os avances producidos na súa actividade investigadora e os resultados obtidos.

Nas memorias de seguimento e na memoria final deberá figurar o visto e prace da/s persoa/s que dirixa/n a tese de doutoramento.

19. Obrigas de difusión.

As persoas que resulten beneficiarias dunha axuda á formación predoutoral, deberán mencionar nas publicacións científicas que se deriven dela, a axuda concedida pola Universidade de Vigo para o que, unha vez publicada, deberán incorporala aos seus méritos no aplicativo do Sistema Unificado de Xestión de Investigación (SUXI).

20. Reintegro da axuda.

Son causas de reintegro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alterar ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.



A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade de Vigo a cantidade indebidamente percibida.

21. Prazo máximo de resolución.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo indicado sen terse publicada a resolución lexítima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión das axudas.

22. Réxime de tratamento de datos.

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria de axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo, 2020 e amparados pola Lei 14/2001, de 1 de xuño da ciencia, tecnoloxía e a innovación e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo, 2020. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Poderá exercer os devanditos dereitos mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á



Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir a dita solicitude directamente á delegada de protección de datos da responsable cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, enderezo postal Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas-Marcosende, s/n 32004 Ourense teléfono: 988368834, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

23. Transparencia

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



ANEXO II- VALORACIÓN DE MÉRITOS

- Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos.
- Soamente serán computables os méritos publicados (en papel ou en formato electrónico con data definitiva de publicación) antes da data fin de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.
- Nos méritos alegados nos que consten máis de tres autorías, a puntuación baixará un 10% por cada autor/a adicional (90% si son 4, 80% si son 5 etc.).
Así mesmo, a orde na listaxe de autorías tamén baixará a puntuación de xeito que á autoría situada en segundo lugar aplicarase un 90% da puntuación final obtida, en terceiro lugar un 80% e así sucesivamente.
- Para a interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na baremación de puntuación do currículo, aplicaranse sempre que sexa posible os criterios establecidos na última convocatoria publicada da avaliación da Produción de Investigación e a Produción de Transferencia da Universidade de Vigo.

A. COMUNICACIÓNS a congresos, simposios e reunións científicas.

Documentación: Deberá presentarse copia da comunicación publicada no libro de actas do congreso, editado en papel ou formato electrónico, onde figure o título e autores/as da comunicación, así como copia da portada onde se indique o nome, tipo de congreso, datas de celebración e composición dos comités científico e/ou organizador. En caso de acreditarse axeitadamente a non publicación de actas do congreso, nin en formato papel nin electrónico, poderá aceptarse a presentación dun certificado acreditativo emitido pola organización do congreso, no que figuren todos os datos anteriores.

(Non se considerará como copia a comunicación escrita enviada ao congreso para a súa aceptación):

Considéranse congresos internacionais os que no comité científico e/ou organizador participen polo menos 3 países.

Para as comunicacións orais, só no caso de que o/a poñente fose a persoa solicitante da axuda, e sempre que se presente acreditación inequívoca deste feito, sumarase 0,5 puntos no caso de congresos internacionais e 0,20 puntos no caso de congresos nacionais á puntuación obtida.

Non se valorarán neste apartado as reunións derivadas de proxectos de investigación nin os eventos que non teñan un proceso aberto de presentación de comunicacións e selección das mesmas, nin a asistencia a ciclos de conferencias ou mesas redondas.

B. ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN e participación en **CAMPAÑAS CIENTÍFICAS** fóra de Galicia ou da Comunidade Autónoma onde se realizaron os estudos ou, no caso das persoas estranxeiras, fóra do país onde se realizaron os estudos.



Documentación: Certificado da estadia continuada ou campaña expedido polo centro receptor, con indicación expresa de lugar e data de inicio e finalización.

C. OUTROS TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS

Non son computables os títulos polos que se accede ao programa de doutoramento nin os títulos propios.

D. BOLSAS DE COLABORACIÓN DO MEC

Documentación: Documento no que conste o nome completo de quen gozou da bolsa de colaboración, a denominación da convocatoria, o órgano convocante, as datas de realización e o departamento/grupo de investigación de colaboración.

E. PRODUCCIÓN ARTÍSTICA (con ou sen edición de catálogo)

Documentación: Deberase presentar orixinal ou copia do catálogo ou documentación acreditativa onde se indique o título da produción artística, lugar e data de celebración, número de participantes, número e títulos das obras presentadas polo/a solicitante e número total de obras expostas.

Considérase produción artística o comisariado e a produción e exposición de obra. Consideraranse galerías recoñecidas as pertencentes a organismos públicos.

F. COÑECEMENTO DE LINGUAS

Documentación: Deberase presentar copia da certificación académica na que conste o título obtido ou copia do título que se posúa.

Consideraranse os niveis de competencia acordes ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, para linguas distintas ao castelán, galego e resto de linguas cooficiais do Estado español; e segundo a relación publicada pola CRUE e por ACLES nos enlaces seguintes:

<http://www.crue.org/SitePages/Mesas-linguisticas.aspx>

http://www.acles.es/files/ckeditor/tablas_de_certificados_admitidos_por_acles_8.pdf

Admitíranse así mesmo as certificacións de superación de nivel do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas emitidas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo.

G. PREMIOS E DISTINCIÓNS

Documentación: Deberase presentar copia da certificación na que conste o premio obtido, e o órgano que o concede. Só se considerarán premios fin de carreira outorgados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, administracións educativas autonómicas (Consellerías de Educación) e Universidades.

H. PUBLICACIÓNS

H.1 REVISTAS Criterios de clasificación:



Documentación: Achegarase copia do artigo. En todo caso deberá constar a data de publicación debidamente impresa, o nome da revista e os autores e autoras.

As publicacións derivadas de congresos, aínda que sexan publicadas nunha revista periódica, non se considerarán neste apartado. Tamén quedan expresamente excluídos os artigos en xornais de divulgación e os documentos de traballo.

Establécense as seguintes categorías, segundo a inclusión da revista nas bases de datos de referencia *:

TIPO A: Revistas que aparezan no *JCR-SCI* ou *JCR-SSCI*, no *SJR* con índice de impacto, no grupo A da Clasificación *CIRC*, no *A&HCI*, no *ERIH* ou no grupo A do *CARHUS*.

TIPO B: Revistas que non se atopan catalogadas como tipo A e que estean incluídas no Grupo B do *CIRC*, no grupo B do *CARHUS*, ou que aparezan en *Scopus*.

TIPO C: Revistas que non se atopan catalogadas como tipo A nin B, e que estean incluídas no Grupo C do *CIRC* ou no grupo C do *CARHUS*.

* *Bases de datos:*

- *JCR-SCI (Journal Citation Reports, Science Edition) e JCR-SSCI (Journal Citation Reports, Social Sciences Edition)*
- *SJR (SCImago Journal Rank)*
- *CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas)*
- *ERIH (European Reference Index for the Humanities)*
- *A&HCI (Arts and Humanities Citation Index)*
- *CARHUS (Sistema de avaliación de revistas científicas dos ámbitos das Ciencias Sociais e Humanidades)*
- *SCOPUS*

En todos os casos, utilizaranse as bases de datos do ano mais recente dispoñible.

H.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS con ISBN:

Criterios de clasificación de monografías, tratados, libros e edicións críticas.

Documentación: Copia da portada do libro, das páxinas onde figuren a editorial e o ISBN e do índice. Ademais, no caso de autoría de capítulos, copia como mínimo da primeira e da última páxina e da páxina onde figuren os autores e autoras, se non é ningunha delas.

Só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN, e nas que a editorial teña utilizado un editor, editora ou comité editorial que supervise o proceso de creación e edición do libro.



A publicación de Teses de Doutoramento, Proxectos Fin de Carreira, Teses de Licenciatura, Mestrados ou Graos non se considerará neste apartado. Tampouco se valorarán as actas de congresos, nin no relativo á autoría nin á edición das mesmas.

Non se valorarán as publicacións relacionadas con cursos ou xornadas de formación, nin as publicacións derivadas de calquera tipo de evento.

Non se valorarán os libros que sexan editados polos propios autores, autoras ou por persoas físicas, ou por empresas de reprografía, copisterías, librerías, empresas de artes gráficas ou similares.

A avaliación farase tendo en conta a calidade da editorial segundo o seu prestixio nacional ou internacional, o grao de esixencia e o rigor científico nos procesos de selección dos traballos publicados, o nivel de calidade do panel de editoras e/ou editores, a existencia de consello científico internacional, a práctica acreditada de revisión por pares, etc. A lingua de publicación non será considerada como factor determinante do ámbito no que se encadre unha editorial cara á avaliación.

A Comisión de Investigación establecerá conxuntos de editoriais nos que os méritos reciban puntuación fixa, e que serán publicados na web da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

H.3 PARTICIPACIÓN EN CATÁLOGOS DE EXPOSICIÓNS Belas Artes:

Documentación: deberá presentarse copia da portada e contraportada, folia onde apareza o ano de publicación, índice do catálogo onde figuren as autorías de textos, deseño ou comisariado da exposición e, se é o caso, copia do artigo.

Considerarase a participación como autor/a de textos, deseñador/a do catálogo e comisario da exposición. Non se considerarán neste apartado as autorías das obras expostas. Son galerías recoñecidas as pertencentes a organismos públicos.

I. PATENTES



BAREMO	Puntuación méritos
COMUNICACIÓNS a congresos, simposios e reunións científicas	
Internacionais	3
Nacionais:	1,5
Si ponente internacional/nacional	0,5/0,2
ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN e participación en CAMPAÑAS CIENTÍFICAS fóra de Galicia ou CCAA	
de 16 a 30 días	0,5
de 31 a 90 días	1
de 91 a 180 días	2
máis de 180 días	3
OUTROS TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS	
Licenciatura, grao ou equivalente	1
Diplomatura ou equivalente	0,5
Máster distinto ao que deu acceso aos estudos de doutoramento.	0,3
BOLSAS DE COLABORACIÓN DO MEC	
Bolsas de colaboración en departamentos universitarios do Ministerio de Educación.	4
PRODUCCIÓN ARTÍSTICA	
produccións individuais en galerías recoñecidas	12
produccións colectivas en galerías recoñecidas	5
produccións individuais en locais públicos	5
produccións colectivas en locais públicos	3
COÑECEMENTO DE LINGUAS	
Nivel C2	3
Nivel C1	2
Nivel B2	1
PREMIOS E DISTINCIÓNS	
Ámbito estatal (Premios fin de carreira do Ministerio de Educación)	3
Ámbito autonómico	2
Premios extraordinarios fin de carreira de cada Universidade	1
PUBLICACIÓNS	
I.I. Revistas	
TIPO A	12
TIPO B	5



TIPO C	3
I.2. Monografías e libros con ISBN / capítulos de libro	
Editorial de ámbito internacional: Tipo I1	12/6
Editorial de ámbito internacional: Tipo I2	10/5
Editorial de ámbito internacional: Tipo I3	8/4
Editorial de ámbito estatal: Tipo E1	8/4
Editorial de ámbito estatal: Tipo E2	5/2,5
Editorial de ámbito estatal: Tipo E3	3/1,5
Editorial de ámbito autonómico/local: Tipo A1	3/1,5
Editorial de ámbito autonómico/local: Tipo A2	2/1
Editorial de ámbito autonómico/local: Tipo A3	1,5/0,5
I.3. Participación en catálogos de exposicións Belas Artes	
en galerías recoñecidas	5
en locais públicos	3
PATENTES	
Patentes con extensión europea en polo menos 3 países	12
Patentes rexistradas en España en explotación	10
Patentes rexistradas	5
Prototipo rexistrado como modelo de utilidade	3



ANEXO III

Asignación dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo a ámbitos de coñecemento

Programa	Ámbito de coñecemento
Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química pola Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo	Científico
Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	Científico
Programa de Doutoramento en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	Científico
Programa de Doutoramento en Ecosistemas Terrestres, Usos Sostibles e Implicacións Ambientais	Científico
Programa de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada	Científico
Programa de Doutoramento en Física Aplicada	Científico
Programa de Doutoramento en Química Teórica e Modelización Computacional/Theoretical Chemistry and Computational Modelling	Científico
Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	Científico
Programa de Doutoramento en Estadística e Investigación Operativa	Científico
Programa de Doutoramento en Nanomedicina	Científico *
Programa de Doutoramento en Endocrinoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo	Científico *
Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica	Científico *
Programa de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	Humanístico
Programa de Doutoramento en Estudos Literarios	Humanístico
Programa de Doutoramento en Estudos Lingüísticos	Humanístico
Programa de Doutoramento en Tradución e Paratradución	Humanístico
Programa de Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo pola Universidade de Vigo	Humanístico
Programa de Doutoramento en Auga, Sostibilidade e Desenvolvemento	Outros **
Programa de Doutoramento en Comunicación	Outros **
Programa de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión pola Universidade da Coruña; a Universidade de Santiago de Compostela e outras.	Outros **
Programa de Doutoramento en Creatividade, Innovación Social e Sostibilidade	Outros **
Programa de Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural	Outros **
Programa de Doutoramento Interuniversitario en Láser, Fotónica e Visión pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e outra	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións pola Universidade de Vigo	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Enxeñaría Química	Tecnolóxico



Programa de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Eficiencia Enerxética e Sostibilidade en Enxeñaría e Arquitectura pola Universidade de Burgos; a Universidade de Vigo e outra	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construcción, Enerxía e Industria	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Educación, Deporte e Saúde	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Ordenación Xurídica do Mercado	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Análisis Económico e Estratexia Empresarial	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Turismo	Xurídico-Social

* Para os efectos desta convocatoria, os programas do ámbito de Ciencias da Saúde considéranse dentro do ámbito Científico.

** Outros: estes programas poden incluír a realización de teses de doutoramento en varios ámbitos de coñecemento, polo que a asignación do ámbito será realizada en cada caso específico pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento.

